

## CASTELAO NA GUERRA CIVIL

EMILIO GONZALEZ LOPEZ  
Universidad de New York

O estatuto Galego, refrendado polo plebiscito do pobo galego, foi presentado o 15 de xuño, ó Presidente das Cortes da República, D. Diego Martínez Barrio, por unha delegación de alcaldes das principais cidades galegas, e dos presidentes das Diputacións provinciais presidida polo alcalde de Santiago de Compostela, Anxo Casal. Con iles estaba tamén, na presentación, un grupo de deputados galegos a cuyo frente estaba Castelao, quen, viña a ser como o Presidente de toda a delegación galega.

Os dous días de presentado o Estatuto nas Cortes, estaba en Marrocos, e en outras partes da península o alzamento militar, que se espallou axiña por toda ela. Algúns dos alcaldes galegos se quedaron en Madrid; e outros voltaron a terra, pagando ca sua vida a sua fe republicana e galeguista, comenzando co alcalde de Santiago, Anxo Casal, e co Presidente da Deputación da Coruña Xosé López Bousa.

O Goberno republicán de Casares Quiroga, que advertido por moitas xentes de que ia a estalar o alzamento militar, non tomou medida algunha para facerlle frente, tampouco soupo que facer xa iste comenzado, senon que se limitou a estar a defensiva, a contelo, e inda nista contención foron os partidos políticos e os sindicatos mais co goberno os que levaran a acción. Todo estaba previsto para el 18 di o historiador Manuel Tuñón de Lara. En Madrid, Casares Quiroga es el que menos se da cuenta de la tormenta que se cierne sobre España. No así las organizaciones obreras del *Frente Popular*, cuyos afiliados están de hecho movilizados y montan guardia en sus locales (1).

O Goberno, nin o de Casares Quiroga nin tampouco o de Xosé Giral, que o sucedeu e armou as milicias, tivo un senso aitivo político militar da guerra, limitado a conter o seu espallamento a outros territorios, e, por iso, dende o primeiro momento dou por perdidas aquelas rexións, que, como Galicia, foron ocupadas polos militares ó principio debido a superioridade de orgaización e armamento.

Non se decatou o goberno que había que levar a guerra á retaguardia do enemigo, sobre todo a aquelas partes perdidas no primeiro momento, como Galicia; e que para ista guerra de retaguardia a eistencia dunha autoridade suprema, ou, en todo caso superior, en ise territorio era necesaria para a loita. Un goberno que non só dirixira a guerra en Galicia, senon tamén agrupara as forzas galegas

---

(1) Manuel Tuñón de Lara, *La España del siglo XX*, Paris, 1973, 429.

que había noutras partes de España, principalmente en Madrid, Barcelona, Asturias e o País Vasco, axudando nista laboura o Goberno Central republicán.

En Madrid había forzas galegas; nas *Xuventudes socialistas*, cuyo xefe era o lucense Xosé Ponte; no *Quinto Reximento*, comunista, mandado por Enrique Liste, natural de Calo; e no batallón de marinos e soldados de Infantería de Marina formado no Ministerio de Marina; e tamén nas forzas dos guardias de asalto.

Comprendendo a necesidade de formar as milicias galegas, cos galegos de Madrid, non encadrados en outras unidades militares e de milicias, se formaron as *Milicias galegas*, das que foi Castelao o principal inspirador, que debían estar dixiridas polo goberno galego, que se debía formar en Madrid, si houbera eixistido, ó fronte das que se puxo o capitán Iglesias, natural de Monforte de Lemos.

As milicias galegas de Madrid foron as primeiras da súa crase: en ser as dunha parte de España e non sindicais ou de partidos políticos. Eran unha verdadeira representación do pobo galego na capital de España; e por selo, tiñan unha gran atracción para os refuxiados de Galicia que xa iban chegando a Madrid, fuxidos uns por mar, como meu irmán mais pequeno, Fernando, e outros polo fronte, que pasaban co armamento.

O avance das tropas de Franco pola estrada xeral de Extremadura a Madrid, camiño primeiro de Toledo e logo de Madrid, forzou ó goberno republicán a enviar ó fronte de Talavera as milicias galegas, sin esperar a que rematara a súa instrucción militar; e entraron en fogo xunto a Oropesa, contra un enemigo superior en número, en armamento e en entrenamento militar, sufrindo nos encontros sensibles baixas, mais sirvindo para retrasar a marcha do enemigo hacia Toledo.

Salidas de Madrid as milicias galegas, Castelao e Suárez Picallo se marcharon a Barcelona, para tratar de agrupar as forzas galegas da cidade condal, que había tido un gran papel na derrota das forzas rebeldes naquela cidade: uns individualmente como o xeral coruñés Aranguren, xeral da guardia civil, que ca súa lealtade ó goberno da República, fixo co corpo da guardia civil de Barcelona siguira en xeral o seu exemplo; e outras os guardias de asalto galegos, que sumando as forzas sindicais e, dos partidos políticos, os mozos de escuadra da Xeneralidad de Cataluña, aplastaron alí o alzamento militar.

Si se houbera orgaizado un goberno galego, aquelas forzas houberan tido unha certa unidade e dirección. De ista falla se beneficiaron certos grupos políticos principalmente o *Quinto Reximento*, de Lister, que foi a que sirveu de ponto de reunión, por ser galega a súa dirección a moitos galegos residentes en territorio republicán e sobre todo os que chegaban fuxidos de Galicia; e por iso, tamén, ó disolverse as milicias galegas se incorporaron a división de Lister.

Gracias a isas forzas, sobre todo os guardas de asalto de Barcelona, pudo Lister entrar en Caspe, residencia do *Consello de Aragón*, en mans dos anarcosindicalistas, que non cooperaban co Goberno da República, disolveo e colocar outro que axudara dun xeito mais eficaz á guerra.

Trasladados de Madrid a Valencia o goberno e as Cortes da República, que debían, por precepto constitucional, reunirse en outubro se foi Castelao, dende Barcelona, a capital valenciana, para tratar de que se presentara nelas o Estatuto de Galicia, que lle fora presentado ó Presidente das Cortes Martínez Ba-

rrio, so dous días antes de que estalara a guerra civil, e que non fora presentado en Madrid por non haberse reunido alí, despois de comenzada a guerra.

Castelao adica un lugar importante as xestións que fixo para que se tramitara nas Cortes en Valencia o Estatuto en *Sempre en Galicia*, que, en parte sobre todo en istos anos da guerra, contén moitos elementos autobiográficos.

Como o Goberno e as Cortes non se instaloron en Valencia ate entrado xa novembro, non se reuniu o Congreso en Valencia naquel outono, pois xa outubro quedara atrás. Castelao tivo que esperar ó ano entrante para, ante a reunión das Cortes, aitivara as suas xestións. Tampouco se planteou o problema na reunión de Cortes de febreiro que foron as primeiras que se celebraron na capital valenciana senón que houbo que esperar as de outubro do ano 1937.

Entretanto algo ocorreulle a Castelao que desviou un tanto a súa atención da tramitación do Estatuto Galego no Congreso. Un día do mes de abril atopeime na rua con Castelao.

Emilio -me dixo- ¿Sabes a noticia?

Non ¿Cal é? -Lle preguntei.

Pois nada, -continuou- que acabo de falar con Sherlock Holmes, que me dixo que me van a nomear Embaixador de España en Bos Aires.

E unha boa noticia, Alfonso -lle contestei-. ¿Tes confianza nise Sherlock Holmes?

Si a teño -me respondeu.

O Sherlock Holmes era o arxentino Condominas, delegado da Internacional Comunista en España durante a guerra civil, intimo amigo de Alvarez el Vayo, que levaba un traxe parecido ó de Sherlock Holmes, tiña unha gorra visera e fumaba en pipa.

Os poucos días Alvarez del Vayo, que tiña un fondo coñecemento da Arxentina por haber sido corresponsal da *Nacion* de Bos Aires en España, chamou a Castelao o seu despacho e lle comunicou persoalmente co goberno había aceptado a súa recomendación de que o noméaran Embaixador da República española na Arxentina. Había que esperar varias semanas para que se tramitara o *placet* co goberno español había solicitado do arxentino para este nomeamento. Castelao comenzou a facer os preparativos do viaxe.

Mais aqueles días ocorreu unha crise política que trastornou completamente os plans de Castelao: dimiteu o goberno de Largo Caballero, que foi substituído polo de Xoan Negrín o 17 de maio. Alvarez del Vayo deixou de ser Ministro de Estado e foi substituído nise departamento por Xosé Giral. Enton xurdiu unha grave dificultad diplomática para o goberno español ca Unión Soviética que quería que fora trasladado ou cesara no carrego o embaixador de España en Moscú, Marcelino Pascua, íntimo amigo de Negrín, que fora Director Xeral de Sanidad co goberno de Azaña, sendo, Casares Quiroga Ministro da Gobernación, na primeira etapa dos gobernos de coalición republicano-socialista da República.

Negrín, para que o traslado de Pascua non fora unha dimisión, sinon un ascenso decideuno enviar a París; mais en París estaba Osorio Gallardo, e, para sacar a iste ca capital francesa, tiña que envialo a outro posto de categoría e naquíl intre o uneco que había era a Embaixada de Bos Aires; e alí o mandou Ne-

grín, cancelando o nomeamento de Castelao, quen sin dubida houbera sido o mellor embaixador da República naquela nación e tamén, pola súa proximidade, no Uruguay.

Castelao culpou dista falcatruada ao Ministro de Estado, Xosé Giral, sin decatarse que toda a maniobra viña do Presidente do Goberno Xoan Negrín.

Estando xa no goberno Negrín, redobrou Castelao os seus esforzos para que presentara na próxima reunión das Cortes o Estatuto Galego, que levaba en ela como dormido casi un ano. E das súas xestións e amarguras nos fala en *Sempre en Galicia*.

As notas e impresións de Castelao sobre istas xestións mostran unha chea de intrigas políticas en torno ó Estatuto, para que non se levara a reunión das Cortes; e aínda que Martínez Barrio pretendía iñorar cal era a situación dos trámites do Estatuto Galego era íl o que tiña que saberlo, e o Oficial maior do Congreso era un simple empregado dil. Sen dúbida Martínez Barrio obedeceu neste asunto as instrucións do goberno.

Na sesión de Cortes, celebrada en Valencia (1 outono 1937) -di Castelao- reorganizáronse as Comisións parlamentarias.

co ánimo de reanudar o traballo e a legalidade democrática e para que os Diputados deixáramos de ser uns "vagos de elección popular". Todol-os grupos políticos da Cámara nomearon os seus representantes, i eu tomei boa nota dos que debían integrar a Comisión de Estatutos, e aínda intervíñ con algunhas minorías para que desíñasen a deputados autonomistas. Pois ben; cando se dou lectura da nova constitución dos órganos parlamentarios ninguén podía decatarse de que se estaba cometendo, n-aquel intre un grave atentado as arelas lexítimas de Galiza e, por ende, a vontade dos nosos mártires. O segredario -como sempre- leu tan baixiño e tan lixeiro que non era doado seguílo, pois d-outro xeito eu erguería unha protesta no acto, con probabilidades de desfacer a maniobra. Dinme conta dispóis, cando recibín o "Diario de Sesións" a ollei que se suprimira a Comisión de Estatutos. Debo decir que a Comisión de Estatutos eisistiu sempre nas Cortes da República, aínda que non houbera ningún Estatuto presentado tal como ocorreu entre a promulgación do Estatuto catalán e a presentación do vasco. Non embargantes suprimíuse cando estaba entregado o de Galiza e funcionaba como Presidente da Cámara o Sr. Martínez Barrio, que foi quén o recibira das nosas máns o día 15 de xulio de 1936, tres días antes de producirse o levantamento militar. Este feito resultaría inconcebible tratándose de bulrar a Cataluña ou a Euzcadi, pero a representación de Galiza no Parlamento era escasa, endeble, desvinculada...

N-aqueles meses Valencia estoupaba de orgulo hespañoleiro e superaba con moito a Madrid no afán de combatir os Estatutos e de sentirse a Capital do Estado. O lugar e o intre.

Meditei o meu plan e un día visitei ao Sr. Martínez Barrio no seu despacho da Presidencia das Cortes, para perguntarlle porqué fora suprimida a Comisión de Estatutos. Para comprender que o Presidente das Cortes non-o sabía abondará decir que chamou pol-o Oficial primeiro do Congreso e que diante de min lle perguntou a qué se debía semellante anomalía. O Oficial respondeu que a Comisión de Estatutos non era necesaria, posto que non había ningún Estatuto presentado... Eu adicábame a ouvir, a ver e a calar, porque así conviña ao meu plan. O Sr. Martínez Barrio fixolle saber ao Oficial primeiro que Galiza presentara o seu Estatuto, i entón o Oficial primeiro replicou que él non tiña porqué saberlo, "porque la entrada no estaba registrada y, porque, además, no se podía dar validez a la presentación del Estatuto ga-

llego mientras no tomase estado parlamentario, dándole lectura en una sesión de Cortes". Estas verbas eran as que eu esperaba ouvir...

\* O Presidente Sr. Martínez Barrio comprendeu axiña que era indispensable a lectura oficial e inmediata do Estatuto galego, en previsión de que él fose substituído na Presidencia ou desapareceran os documentos que lle foran entregados en nome de Galiza. Era un compromiso de honor para o Sr. Martínez Barrio a presentación do noso Estatuto na próxima sesión de Cortes, e non tivo incoemente en prometer que así se facería. E o Sr. Martínez Barrio compreu a súa palabra, a pesares de todo canto pasou despóis.

O Sr. Martínez Barrio, ao meu rogo, mandou que o Estatuto galego fose levado a Barcelona, e saíu para Madrid o mesmo Oficial primeiro, quén voltou aos poucos días sen él decindo que non-o atopara... (2)

Cando Castelao me informou en Barcelona de todas istas xestios e amarguras, sintín moito que non me informara delas en Valencia, pois eu era da *Comisión de gobierno interior* do Congreso, que tiña xurisdicción sobre os empregados, os edificios, os documentos e os arquivos, e tamén era membro, da *Diputación Permanente* das Cortes. Coñecía moito o Oficial maior do Congreso, que era Auxiliar de Dereito Román, na Facultade de Dereito de Madrid, e como tal fora compañeiro meu durante varios anos. O granadino Cuevas era un simple empregado das Cortes, e non pudo ser íl o que sabotou o Estatuto, sinon os gobernos da República, que, pola súa política militar, pola súa concepción de simple contención do enemigo no fronte de batalla, íles imoideu ver a ventaxa de operar, orgaizando as forzas de resistencia, no territorio ocupado polo enemigo é para ista laboura ningún mais autorizado cun goberno provisional galego, formado de acordo co Estatuto.

Cando Castelao me falou disto en Barcelona, sintín-o persoalmente como un aldraxe a nós, os galegos, e a canto representabamos; e lle ofrecín a miña axuda para ir directamente a Madrid a atopalo, voltando con íl a Barcelona para que se presentara na próxima reunión de Cortes, a que, por precepto constitucional, sería a primeiro de febreiro.

¿Perdérase de verdade? -dí Castelao en Sempre en Galicia. Non: eu sabía que non estaba perdido. Busquei axuda en Emilio González López, e debo proclamar que ninguén ma prestaría con tanta eficacia n-aquel intre. Emilio González López saíu para Madrid, e ao cabo d-algúns días estaba de volta en Barcelona co Estatuto Galego, que xa se daba por perdido... (3)

Fixen o viaxe en dúas etapas, chegando a Madrid ao anoitear do segundo día do viaxe. Hospedeime na casa da miña cuñada, non lonxe do fronte da Cidade Universitaria. A mañán cedo do outro día despertoume o monotono tableteo dunha ametralladora enemiga que cantaba no fronte como si fora un paspallás de inverno.

A media mañán fun o Congreso para ver o Segretario Xeral, San Martín, paisano noso, natural de Tuy. Cando lle falei de que viña a recoller o Estatuto Galego, doume a impresión de que xa estaba enterado do propósito da miña vi-

---

(2) Castelao, *Sempre en Galicia*, Bos Aires, 1944.

(3) Castelao, *op. cit.*, 144.

sita. Xa tiña preparado, sin dúbida, pois os poucos minutos mó entregou sin mais explicacións.

Xa co Estatuto nas mans me detiven en Madrid e emprendín o viaxe de regreso en unha sola etapa. Como chegaba pola noite a Barcelona, esperei ó día seguinte para levarllo a Martínez Barrios. Cando llo entreguei, decateime de que xa me esperaba, sin dúbida o Segretario Xeral do Congreso lle informara da miña visita e de que me dera o Estatuto.

Comprida a miña misión, fun correndo a darlle a Castelao a noticia de que o orixinal do Estatuto estaba xa en poder de Martínez Barrios. Recibeu a noticia ca meirande ledicia, pois xa se podía presentar e tramitar nas Cortes.

En *Sempre en Galicia* relata Castelao os temores que aínda tiña antes de que fora presentado o Estatuto nas Cortes que se iban a celebrar no mosteiro de Montserrat. O Estatuto galego -di Castelao-, tomou estado parlamentario

na memorable sesión das Cortes celebrada o día 1º de febreiro do 1938 en Montserrat, ante o asombro dos asistentes (Montero Rios aconsellárame que non dixese nada a ninguén). Este feito trascendente dáballe a Galiza unha posición semellante á de Cataluña i Euzcadi, aínda que o territorio galego estivese sometido como o estaba xa daquela, o territorio vasco (4)

A tramitación do Estatuto tropezo cunha certa oposición no Congreso mesmo relatada por Castelao

O Presidente das Cortes invitou a todol-os Grupos parlamentarios a que desixaran representantes na Comisión de Estatutos que debía formarse para ensaminar o proxecto que Galiza presentara, e, asimesmo, redactar o correspondente dictamen. Pois ben; todol-os Grupos da Cámara nomearon os seus representantes, menos un: o Partido máis forte e máis gubernamental. Este Grupo negouse a complimentar a invitación do Presidente. (5)

Castelao se refire o partido socialista, pero convén advertir que a oposición non viña dos socialistas galegos sinon de dos deputados socialistas madrileños que eran dous burócratas do partido; Manuel Cordero, panadeiro, natural de Castroverde, en Lugo; y Ramón Lamonedá, secretario naquel tempo da minoría parlamentaria socialista. Un socialista galego Xaime Quintanilla, presidiría a primeira Asamblea do estatuto e fora unha das primeiras vítimas da guerra civil en Galicia; y Ramón Beade, deputado socialista. E os outros dous deputados socialistas pola provincia da Coruña, Edmundo Lorena e Pedro Longueira, non eran anties-tatutistas nin antigaleguistas, mais foron forzados a tomar esa posición polos burócratas xa citados.

Poucas semáns despois das xornadas parlamentarias de Montserrat, nas que se presentou o Estatuto, nos días 16 a 17 de marzal, a poboación civil de Barcelona foi sometida a un bárbaro bombardeo cada dúas horas pola aviación enemiga, italo-franquista que operaba dende as suas bases nas illas Baleares, causando miles de vítimas. O corazón da cidade de Barcelona, entre a Praza da Universidade e a de Cataluña era o principal ouxetivo distes bombardeos.

---

(4) Castelao, *op. cit.*, 145.

(5) Castelao, *op. cit.*, 145.

Castelao foi unha das vítimas. Vivía nun pequeno hotel, onde tamén estaba o seu amigo, o escritor portugués Xaime Cortesao, na Rúa de Balmes, perto da Universidade. Unha das bombas destrúeu parte da casa onde vivía; e Castelao tivo que ser sacado pola súa dona Virxinia de entre os cascotes da parte derruída.

Na súa axuda veu naquíl intre doloroso, un socialista galego, Marcial Fernández, galeguista de sentimentos, segredario do Director Xeral de Seguridade que era entón o profesor Rafael Méndez, discípulo de Negrín, que nos invitou a Castelao e a min e as nosas donas a cear e pasala noite nunha casa de campo que tiña en San Cugat do Vallés a unhas 15 kilómetros de Barcelona. Durante un par de semáns, descasábase alí pola noite e aínda máis os fis de semán que nos quedábase todo o día en San Cugat, pensando sempre na terra e o que se debía facer nela si seguía adiante o Estatuto.

O fin de abril, Castelao e outros deputados republicáns e varias persoalidades foron invitados pola Unión Soviética a presenciar as festividades do primeiro de maio en Moscú. Falei co íl varias veces despois da súa volta deste viaxe. Tiña pracer en contarme as súas impresións da terra e das xentes. Unha das cousas que máis recordaba era o viaxe de Londres a Leningrado formando parte dun convoy, precedido por un rompe-hielos. E lle chamara moito a atención ver o mar xiado e os pescadores abrindo nil abuxeiros para coller o peixe.

A derradeira vez co vin, me falou de que preparaba un viaxe os Estados Unidos para facer propaganda en favor da República. Unha das súas grandes ilusións era voltar a América para orgaizar todol-os galegos, espallados por ela, en unha serie de sociedades galegas, sobre todo na Arxentina, Uruguay e Cuba. Non sospeitaba, cando falei con íl, que non nos voltariamos a atopar até abril de 1939; e que sería nunha sociedade galega dos Estados Unidos, o *Frente Popular Anti-feixista Galego*.